

TODA A INFORMACIÓN SOBRE OS EFECTOS DOS CAMBIOS DE CORPOS NO PROFESORADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL

Así quedarán as retribucións do profesorado de FP

A Xunta vai aprobar, logo de pasar pola Mesa Sectorial e sen atender as propostas de mellora formuladas pola CIG-Ensino, un **complemento compensador para aquel funcionariado de carreira actual que está composto por 665 persoas e que non se pode integrar no corpo de PES.**

A contía mensual que vai percibir este profesorado (co valor actual de 2023) é de **146,93€**. Esta cantidade, como acontece co complemento da ESO para mestras e mestres, **actualízase todos os anos coa suba correspondente**, ao igual que o resto dos conceptos da nómina.

Esta contía é o resultado de computar o seguinte:

- **diferenza no salario base entre A1 e A2: 174,33€ x 12 meses**

- **diferenza no salario base entre A1 e A2 nas dúas pagas extras: -34,90€***

- **diferenza anual: 2.057,06**

Complemento mensual en 14 pagas: 146,93€


* o salario base, así como os trienios, son inferiores nas pagas extras no subgrupo A1. Esta diferenza nace co recorte do 5% nos nosos salarios no ano 2010 por parte do goberno do PSOE (Zapatero) e mantivérona os seguintes gobernos (PP, PSOE-UP)

Como quedan as retribucións do profesorado do antigo corpo de PTFP cos cambios da lei e a aplicación do complemento compensador da Xunta?

COLECTIVO	RETRIBUCIÓN	EFECTOS DESDE	EXEMPLOS
<ul style="list-style-type: none"> Funcionariado de carreira PTFP na entrada en vigor da LOMLOE, que se integra en PES (tanto nas 19 especialidades que se integran oficialmente como nas 10 que non) 	<ul style="list-style-type: none"> Subgrupo A1. Corpo de PES. A integración afecta ao salario base (SB) e aos trienios. 	<ul style="list-style-type: none"> 19/01/2021 	<ul style="list-style-type: none"> Funcionariado de carreira de Procesos Comercias (que se integra en PES) ou de Cociña e Pastelería (que como especialidade pasará a PESSFP) con titulación universitaria.
<ul style="list-style-type: none"> Funcionariado de carreira PTFP con data 01/09/2022 que se integra en PES 	<ul style="list-style-type: none"> Subgrupo A1. Corpo de PES. A integración afecta ao salario base (SB) e aos trienios. 	<ul style="list-style-type: none"> 01/09/2022 	<ul style="list-style-type: none"> Calquera das persoas que aprobaron as oposicións de 2021 de especialidades de PTFP
<ul style="list-style-type: none"> Funcionariado de carreira PTFP que non se integra en PES (de calquera das 29 especialidades). 	<ul style="list-style-type: none"> Cobrarán un complemento compensador pola diferenza co subgrupo A1 (sen ter en conta os trienios). 	<ul style="list-style-type: none"> 01/09/2023 	<ul style="list-style-type: none"> Funcionariado de carreira de Sistemas e Aplicacións Informáticas (que se integra en PES) ou de Mantemento de vehículos (que pasará a PESSFP) con titulación superior de FP

<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado interino das 19 especialidades que se integran en PES 	<ul style="list-style-type: none"> • As listas pasan a ser de PES e, polo tanto, cobrarán como subgrupo A1. 	<ul style="list-style-type: none"> • 01/09/2023 	<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado interino de Servizos á Comunidade
<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado interino de listas de especialistas con retribucións actuais de PTFP 	<ul style="list-style-type: none"> • As listas pasan a ser de PES e pasarán a cobrar como subgrupo A1. 	<ul style="list-style-type: none"> • 01/09/2023 	<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado interino de Prácticas e Actividades ou Linguaxe de Signos
<ul style="list-style-type: none"> • Futuro funcionariado de carreira das 10 especialidades do corpo de PESSFP 	<ul style="list-style-type: none"> • Non cobrará ningún complemento e manterase no subgrupo A2. Se ten ou acada titulación de Grao poderá integrarse en PES até xaneiro de 2026 	<ul style="list-style-type: none"> • X 	<ul style="list-style-type: none"> • Futuro funcionariado de carreira de Soldadura ou Estética
<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado interino das 10 especialidades do corpo de PESSFP 	<ul style="list-style-type: none"> • Non cobrará ningún complemento e manterase no subgrupo A2. 	<ul style="list-style-type: none"> • X 	<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado interino de Servizos de Restauración ou Patronaxe e Confección
<ul style="list-style-type: none"> • Profesorado xubilado entre xaneiro do 2021 e a data do inicio de integración en PES con titulación universitaria 	<ul style="list-style-type: none"> • Cobrará nun pago único os atrasos da diferenza entre o subgrupo A2 e A1 	<ul style="list-style-type: none"> • Desde 19/01/2021 até a data de xubilación 	

A posición da CIG-EnsinO ao respecto dos cambios introducidos polo Ministerio e da limitada e incompleta actuación da Consellaría foi a de **estender a igualdade de dereitos retributivos a todo o profesorado, sen distinción**. Recollemos nun texto alternativo as nosas propostas e presentámolas na Mesa de negociación. Preme neste código QR para máis información. O sindicato **manterá as liñas de actuación xudicial abertas e as que sexan precisas** para procurar, logo da negativa a negociar da Consellaría, conseguir por esa vía a equiparación salarial de todo o profesorado de FP.



A mobilidade do profesorado de Formación Profesional

Destinos provisionais - CADP

Tal e como demandaba a CIG-EnsinO, a Consellaría vai permitir que **todo o profesorado dunha determinada especialidade, sexa cal sexa o corpo** ao que pertenza (PES, PTFP a extinguir ou PESSFP) **ou a súa situación administrativa** (funcionariado de carreira ou persoal interino), **poída seguir optando a prazas provisionais desa especialidade**. No caso de quen estea en varias listaxes diferentes como persoal interino mantén os seus dereitos actuais e seguirá optando a vacantes provisionais, nos mesmos termos en que se desenvolvía a adxudicación do CADP como até agora. A efectos formais modifícase o número de código das especialidades. **A adxudicación seguirá facéndose por orde de especialidade dentro de cada corpo e cunha instancia por cada especialidade**. Na práctica, a partir do curso 2023/24, só serán dous corpos, PES e PESSFP; participando o profesorado para extinguir do corpo de PTFP, segundo a súa situación (desprazado, comisións de saúde, concilia..) no corpo correspondente ao da súa especialidade de procedencia. Como defendeu a CIG-EnsinO, a antigüidade será a real no corpo de procedencia.

Concurso de traslados - CXT

Neste caso non está tan claro cal vai ser o panorama en canto á mobilidade cara aos destinos definitivos. **O Ministerio desatendeu no seu momento a proposta da CIG-EnsinO de introducir unha modificación no Real Decreto de concurso de traslados pola que se garantise o dereito de plena mobilidade a prazas dos corpos de PES ou de PESSFP ao profesorado declarado para extinguir no corpo de PTFP** e respectando a antigüidade neste corpo como se fose no novo.

A Consellaría afirmou na Mesa Sectorial estar en sintonía coa reclamación da CIG-EnsinO e ter solicitado o mesmo ao Ministerio, con idéntico obxectivo: garantir no CXT tanto a nivel galego como estatal a mesma mobilidade que nos destinos provisionais (que dependen exclusivamente da Xunta).

Unha decisión que vaia noutra liña suporía unha grave discriminación para o colectivo docente de FP e coa que a CIG-EnsinO se amosaría totalmente en contra.